

Memoria de actividades e memoria económica 2013



**Facultade de Economía e Empresa
Universidade da Coruña**



CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CURSOS E XORNADAS.....	9
3. CONGRESOS E CONFERENCIAS	16
4. TALLERES E OBRADOIROS	19
5. ACTIVIDADES DAS CÁTEDRAS	23
6. ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES	27
7. OUTRAS ACTIVIDADES	33
8. MEMORIA ECONÓMICA	42

1. INTRODUCCIÓN


No ano 2013 a Facultade de Economía e Empresa renova a súa posición como un dos maiores centros da Universidade da Coruña. Nos cursos académicos 2012/2013 e 2013/2014 impártese docencia en tres títulos de Grao (Economía, Administración e Dirección de Empresas – ADE –, e Ciencias Empresariais), dúas Simultaneidades de Grao (ADE e Dereito, e Turismo e Ciencias Empresariais), dúas licenciaturas (Economía e ADE), unha dobre licenciatura (ADE e Dereito) e catro mestrados universitarios (Banca e Finanzas, Xestión e Políticas Públicas, Contabilidade Superior e Auditoría de Contas, e Dirección e Administración de Empresas). Ademais, se desenvolveron as actividades vinculadas aos estudos de Doutoramento.

No curso académico 2013/2014 se incrementa a oferta docente do centro a través da implantación de dous novos mestrados: o de Contabilidade Superior e Auditoría de Contas, e o de Dirección e Administración de Empresas. Ambos despertaron un importante interese e tiveron moi boa acollida, atendendo á cifra de alumnos matriculados. Tamén cómpre sinalar que, desafortunadamente, neste curso se extinguen as ensinanzas do Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas; agardamos que nun futuro próximo se poda ofertar de novo.

Continuando coa súa posta en marcha no curso académico 2012/2013, avánzase un curso no Dobre Grao en Turismo e Ciencias Empresariais, ao igual que sucede co plan de docencia plurilingüe en ADE. No primeiro ano se incorporan novos estudantes, que cursan catro materias en inglés, mentras que no segundo curso os alumnos continúan os seus estudos con seis materias impartidas nesta lingua estranxeira. De igual modo, os estudos non adaptados ao EEES continúan a súa progresiva extinción en canto á súa impartición presencial; no ano académico 2012/2013 se imparte o quinto curso das Licenciaturas en Economía e ADE, e no 2013/2014 só permanece o sexto curso da Dobre Licenciatura en ADE e Dereito.


O alumnado que cursa os seus estudos na nosa facultade se distribúe entre os diferentes plans de estudos do xeito que se amosa no gráfico 1. No curso académico 2013/2014, un 77.64% dos alumnos están matriculados en estudos de Grao, seguido dun 16.92% matriculado en títulos non adaptados ao EEES; finalmente, os estudantes de Mestrado representan o 5.44% do alumnado total. A cifra global de estudantes matriculados na Facultade de Economía e Empresa é de 2719 en 2013/2014.

Gráfico 1. Distribución do alumnado por títulos




No gráfico 2 se presenta a distribución de estudantes por titulacións impartidas no centro. Se aprecia con claridade como os estudos de Grao concentran a inmensa maioría dos estudantes, ao tempo que o ciclo das licenciaturas e diplomatura se aproxima ao seu fin.

Gráfico 2. Distribución do alumnado por plan de estudos



O alumnado de novo ingreso evolucionou de xeito satisfactorio, seguindo a favorable tendencia dos anos previos. A oferta e a demanda se axustan de forma razoable, como se pode vulgar a partir dos datos reflectidos no gráfico 3 para os diferentes títulos.

Gráfico 3. Distribución do alumnado de novo ingreso por títulos




O fomento da mobilidade constitúe un dos eixos do Plan Estratéxico da Facultade. Os últimos datos referentes a mobilidade fan referencia ao curso académico 2012/2013, momento no que a facultade enviou a cento un alumnos en convenios Erasmus e Bilaterais con fins de estudo; esta cifra supera á rexistrada en 2011/2012. Así mesmo, seis alumnos participaron no programa de Erasmus en Prácticas e dous no programa de intercambio Sicue.

Respecto ao número de alumnos entrantes, a cifra é superior á do curso académico anterior. En 2012/2013 entraron sesenta e tres alumnos con convenios Erasmus e Bilaterais con fins de estudo. Pola súa banda, recibimos a tres alumnos dentro do programa Sicue.

A mobilidade do profesorado do centro tamén mellora de forma sensible, cun incremento tanto de profesores enviados no marco do programa Erasmus STA como de profesores entrantes dentro deste convenio; un total de sete docentes do centro participaron neste programa e tamén sete profesores estranxeiros acudiron á nosa facultade.


En relación ao persoal docente e investigador da facultade, a súa participación en 2013/2014 nos diferentes Graos e Mestrados que se imparten no centro se reflicte nos gráficos 4 a 9.

Gráfico 4. Distribuição do PDI por categoria docente no Grao en ADE




Nota. PC-DR: Contratado Doutor; ASOC-3: Asociado tipo 3; AXU-DR: Axudante Doutor; CAT-EU: Catedrático de Escola Universitaria; CAT-UN: Catedrático de Universidade; INT-SU: Interino de substitución; TIT-EI: Titular de Escola interino; TIT-EU: Titular de Escola Universitaria; TIT-UN: Titular de Universidade; TIT-EU DR: Titular de Escola Universitaria Doutor.

Gráfico 5. Distribución do PDI por categoria docente no Grao en Economía




Nota. PC-DR: Contratado Doutor; PC-PD: Contratado Predoutoral; ASOC-3: Asociado tipo 3; AXU-DR: Axudante Doutor; CAT-EU: Catedrático de Escola Universitaria; CAT-UN: Catedrático de Universidade; INT-SU: Interino de substitución; TIT-EI: Titular de Escola interino; TIT-EU: Titular de Escola Universitaria; TIT-UN: Titular de Universidade; TIT-EU DR: Titular de Escola Universitaria Doutor.

Gráfico 6. Distribución do PDI por categoría docente no Grao en Ciencias Empresariais




Nota. PC-DR: Contratado Doutor; PC-PD: Contratado Predoutoral; ASOC-3: Asociado tipo 3; AXU-DR: Axudante Doutor; BOL-FP: Bolseiro FPI/FPU; CAT-EU: Catedrático de Escola Universitaria; CAT-UN: Catedrático de Universidade; INT-SU: Interino de substitucións; TIT-EU: Titular de Escola Universitaria; TIT-UN: Titular de Universidade; TIT-EU DR: Titular de Escola Universitaria Doutor.

Gráfico 7. Distribución do PDI por categoría docente no Mestrado Universitario en Banca e Finanzas




Nota. PC-DR: Contratado doutor; ASOC-3: Asociado tipo 3; AXU-DR: Axudante Doutor; CAT-EU: Catedrático de Escola Universitaria; CAT-UN: Catedrático de Universidade; INT-SU: Interino de substitución; TIT-EU: Titular de Escola Universitaria; TIT-UN: Titular de Universidade; TIT-EU DR: Titular de Escola Universitaria Doutor.

Gráfico 8. Distribuição do PDI por categoria docente no Mestrado Universitário em Contabilidade Superior e Auditoria de Contas



Nota. ASOC-3: Associado tipo 3; TIT-EU: Titular de Escola Universitaria; TIT-UN: Titular de Universidade; TIT-EU DR: Titular de Escola Universitaria Doutor.

Gráfico 9. Distribuição do PDI por categoria docente no Mestrado Universitário em Direcção e Administração de Empresas



Nota. PC-DR: Contratado doutor; ASOC-3: Associado tipo 3; CAT-UN: Catedrático de Universidade; TIT-UN: Titular de Universidade; TIT-EU DR: Titular de Escola Universitaria Doutor.

O perfil do persoal docente e investigador que imparte docencia nos diferentes títulos da facultade, segundo os datos correspondentes ao ano 2013, indican que o profesorado acumula un total de 342 quinquenios, 61 sexenios e 16 avaliacións positivas no Programa “Docentia”. Por último, o persoal de administración e servizos da facultade está composto por 27 traballadores, dos cales 23 son funcionarios, 2 son funcionarios interinos e 2 posúen un contrato laboral fixo.

2. CURSOS E XORNADAS

▪ CURSO “COMO NEGOCIAR CON ÉXITO”

- Organización: Bidef Consultoría.
- Datas: 1, 2, 4 e 9 de abril de 2013.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Un crédito de libre configuración.
- Obxectivos: desenvolvemento de competencias, aptitudes e actitudes na negociación comercial; posibilidade de completar a formación teórica impartida na aula con prácticas en empresas colaboradoras pescudando a inserción laboral ao finalizar as mesmas.

▪ I ENCONTRO “ GALICIA EN CLAVE: RECONSTRUCCIÓN SOCIOECONÓMICA, CIDADANÍA E INSTITUCIÓN”

- Organización: Decanato da Facultade de Economía e Empresa e Prof. Dra. D^a Rosa M^a Regueiro.
- Datas: 10, 12 e 15 de abril de 2013.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Un crédito de libre configuración.
- Obxectivos:
 - ✓ Pór en valor a unha xeración “interxeracional” de estudantes, académicos e investigadores que defenden un pensamento económico no que destacar unha maior implicación do avance económico cun concepto avanzado de solidariedade e cooperación, respecto polo medio e a sustentabilidade en xeral.
 - ✓ Profundar na análise da crise económica actual, do seu impacto na relación cidadanía-institucións, e a súa afectación sobre os proxectos de transformación das rexións máis pobres.
 - ✓ Analizar os logros e/ou dificultades dos modelos de desenvolvemento dos gobernos, en canto á consecución de cambios estruturais nos países e en base ás máximas da economía institucionalista.

Programa

Mércores 10 de abril de 2013

9:00-Recepción de asistentes e acreditación.

MESA 1.- GALICIA NA UNIÓN EUROPEA

9:30-11:30 Sr. Don Xulio Sequeiros Tizón (Catedrático Economía Aplicada UDC) e Sr. Don Jaime Barreiro Gil (Profesor Titular Historia e Institucións Económicas USC).

MESA 2.- DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

11:30-14:00 Sr. Don Anxo Calvo Silvosa (Profesor Titular Economía Financeira UDC) e Sr. Don Xoán Ramón Doldán García (Profesor Titular Economía Aplicada USC).

MESA 3.- INSTITUCIÓN E CIDADANÍA

16:00-18:00 Sr. Don Manuel Soto Castiñeiras (Profesor Titular Enxeñería Química da UDC), Sr. Don Carlos Aymerich (Profesor Dereito Administrativo UDC) e representante Xuventudes Socialistas.

MESA 4.- PROXECCIÓN CINEMATOGRAFICA

18:00-19:00 Historias de Galicia

Venres 12 de abril de 2013

12:00-14:00 Sr. Don Xosé Manuel Beiras Torrado (Catedrático Estrutura Económica USC).

Luns 15 de abril de 2013

MESA 5.- A SOCIOECONOMIA GALEGA: EN FEMININO

9:30-11:30 Sra. Dona Susana López Abella (Secretaria Xeral de Igualdade-Xunta de Galicia) e M^a Xosé Rodríguez Galdo (Catedrática de Historia e Institucións Económicas USC).

MESA 6.- GALICIA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

12:00-14:00 Sra. Dona Rosa Gómez Limia (Periodista e exparlamentaria Parlamento de Galicia), Sr. Don Ignacio Balboa (Experto en comunicación e protocolo, periodista) e Raúl Ríos, representante Asociación Medios en Galego.

MESA 6.-30 ANOS DE AUTONOMIA- CLAUSURA CICLO CONFERENCIAS

16:00-18:00 Sr. Don Xosé Luis Barreiro Rivas (Profesor titular de ciencias políticas USC) e Sr. Don José Antonio Portero Molina (Catedrático de Dereito Constitucional UDC).

▪ **CURSO “INSERCIÓN NO MERCADO LABORAL”**

- Organización: Grupo Mejora Continua.
- Datas: do 16 ao 19 de abril de 2013.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Un crédito de libre configuración.
- Obxectivos: ofrecer información e ferramentas que faciliten ao alumnado o acceso a unha carreira profesional por conta allea.

▪ **“EXPO AUSTRALIA GALICIA 2013 “**

- Organización: Sonia Cabanelas (ASBA), María Jesús Lorenzo Modia (UDC), J. Miguel Alonso Giráldez (UDC-ASBA) e Anxo Calvo Silvosa (UDC).
- Data: 10 de outubro de 2013.
- Lugar: Facultade de Filoloxía e Facultade de Economía e Empresa.

Programa

Sesión matinal

Facultade de Filoloxía, UDC

9.00. Rexistro de participantes e recollida de documentación.

9.30. Inauguración. Abre o acto o Sr. Reitor da Universidade da Coruña.

Interveñen:

Sonia Lorenzo Cabanelas, Vicepresidenta de ASBA.

Anxo Calvo Silvosa, Decano da Facultade de Economía e Empresa, UDC.

María Jesús Lorenzo Modia, Decana da Facultade de Filoloxía, UDC.

Manuel Corredoira López, Director Xeral de Educación, FP e Innovación.

Jane Hardy, Embaixadora de Australia en España.

Xosé Luis Armesto, Reitor da Universidade da Coruña.

10.05. Mesa Redonda I. *Interculturalidades: Galicia e Australia, tan perto e tan lonxe.*

Chair: M. Alonso Giráldez. (UDC/ASBA). Interveñen:

Roy Ch. Boland Osegueda (intervención en vídeo previamente gravado en Sydney).

Profesor emérito da Universidade de Sydney. Director do Centro Galego de Sydney.

María Jesús Lorenzo Modia. Catedrática da Universidade da Coruña.

María Jesús Cabarcos Traseira. Profesora da Universidade da Coruña.

Juan José Varela Tembra. Universidade da Coruña.

Miguel Alonso Giráldez. Profesor Titular da Universidade da Coruña.

11.20. Presentación. *As oportunidades de estudo en Australia para os estudantes galegos.*

Chair (Sonia Lorenzo / J. M. Alonso Giráldez, ASBA/UDC). Interveñen:

Mar Borrás Batalla, Vicepresidenta de ASBA, Madrid.

Louise Howie, Australian Catholic University, ACU.

12.00. Pausa para café.

12.20. Mesa redonda II. “O encontro entre Australia e Galicia. O fenómeno migratorio. Experiencias pessoais de emigración (*The Tyranny of Distance*)”.

Chair: Sonia Lorenzo (Vicepresidenta de ASBA, Galician Chapter). Interveñen:

a) *Análise: A emigración Galicia- Australia en cifras e datos*

José Manuel Estévez-Saá. Profesor titular da Universidade da Coruña.

María Xosé Rodríguez Galdo. Catedrática da Universidade de Santiago de Compostela.

b) *Experiencias de emigración entre Galicia e Australia*

Manuel Vilariño. Empresario da restauración en Sydney.

Manuel García e María Luisa García. Empresarios da restauración en Sydney e en Galicia.

Representantes de familias australianas, residentes en Galicia na actualidade.

Colin Johnson & Mathew Reedy. BAE Systems Australia. Supervisión de probas na contrución dos ALHDs.

Claire Chadwick. Inspección e seguimento das obras de construción dos ALHDs.

Commonwealth of Australia, DMO (Defence Materiel Organization)

Sonia Lorenzo Cabanelas, Vicepresidenta de ASBA, Galician Chapter.

14.00. Fin das actividades matinais.

Sesión de tarde

Facultade de Economía e Empresa, UDC

16.30. Conferencia / Presentación.

Chair: Sonia Lorenzo, ASBA.

Proxectos de construción naval entre Galicia e Australia (Naval Construction Projects between Galicia and Australia). Jorge Filgueira Ameneiro. Director do programa de ALHD /Australian Landing Helicopter Dock, de Navantia.

Inclúe intervencións do público ao final da conferencia.

17.20. Pausa para café.

17.45. Conferencia / Presentación.

Chair: Anxo Calvo, Decano da Facultade de Economía e Empresa da UDC.

Australia como territorio para o investimento e o progreso. Nicholas Baker & Auriol Seaton, AUSTRADE (Embaixada de Australia).

Inclúe intervencións do público ao final da conferencia.

18.35. Conferencia / Presentación.

Chair: J. M. Alonso Giráldez, UDC-ASBA.

Experiencias empresariais en Australia. Tom Groonell. Responsable de FINSA (Financiera Maderera) no mercado australiano.

Inclúe intervencións do público ao final da conferencia.

19.10. Breve pausa.

19.15 horas. Intervención institucional:

Chair: María Jesús Lorenzo Modia, UDC / Sonia Lorenzo, ASBA.

Australia, hoxe. Jane Hardy.

Embaixadora de Australia en España.

19.45. Clausura.

Introduce, Anxo Calvo, Decano da Facultade de Economía e Empresa.

Interveñen

Miguel Alonso Giráldez, UDC-ASBA.

Sonia Lorenzo Cabanelas, Vicepresidenta de ASBA.

María Jesús Lorenzo Modia, Decana de Filloxía, UDC.

Anxo Calvo Silvosa, Decano de Economía e Empresa, UDC.

Jane Hardy, Embaixadora de Australia en España.

20.30. Cóctel final.

Degustación de viño australiano para todos os asistentes á EXPO.

▪ **CURSO “A INSERCIÓN NO MERCADO LABORAL”**

- Organización: Grupo Mejora Continua.
- Datas: 21, 22, 25 e 26 de novembro de 2013.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Un crédito de libre configuración.
- Obxectivos: ofrecer información e ferramentas que faciliten ao alumnado o acceso a unha carreira profesional por conta allea.

▪ **II XORNADA DE INTRODUCCIÓN Á XESTIÓN DA INNOVACIÓN**

- Organización: Observatorio Ocupacional da UDC.
- Datas: 10 de decembro de 2013.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

Programa

10.00. Presentación da xornada.

D. Anxo Calvo, Decano da Facultade de Economía e Empresa da UDC.

10.15. “Próximas actuacións en materia de innovación no Concello de A Coruña”.

D^a María Luisa Cid, Tenente de Alcaldía de Emprego, Empresa, Turismo e Comercio, Concello de A Coruña.

11.45. “Innovacións introducidas en la profesión de abogado. Tratamiento de la reputación on-line y la trayectoria digital en la Sociedad 2.0”.

D. Víctor Salgado (Bufete Pintos&Salgado).

12.45. “As necesidades de innovación para a mellora da competitividade e a creación de emprego”. Mesa redonda coa asistencia de empresarios galegos innovadores.

Moderadora: D^a María Jesús Freire (Directora do Observatorio Ocupacional da UDC).

Participantes: D. Carlos Pampín (COMMCENTER), Frank Fernández (Texas Controls), Julio Fernández (AD Grupo Regueira), Adrián Rey (Mecanizados Moán).

13.45. Peche da xornada.

▪ **CURSOS DE BIBLIOTECA**

- **"Cómo elaborar o TFG"** (novembro 2013)

Quenda de mañá: 4 e 5 de novembro.

Horario: 11:30 h. a 14:30 h. Duración do curso: 10 h. (6 h. presenciais e 4h. a través de Moodle).

Aula de informática 02 da Facultade de Economía e Empresa da UDC.

Quenda de tarde: 6 e 7 de novembro.

Horario: 17:00 h. a 20:00 h. Duración do curso: 10 h. (6 h. presenciais e 4h. a través de Moodle).

Aula de informática 02 da Facultade de Economía e Empresa da UDC.

- **Cursos de Biblioteca para alumnos de primeiro curso de Grao**

En 2013 se realizaron un total de dezasete sesións formativas, cunha asistencia de 216 alumnos (practicamente, o 60% dos alumnos que cursan primeiro de Grao por primeira vez).

3. CONGRESOS E CONFERENCIAS

▪ CONFERENCIA SOBRE ESTABILIDADE ECONÓMICA

- Título: “Economic Stability in an United Europe: Unrealistic Dream or Achievable Goal?” (“Estabilidade económica nunha Europa Unida: Soño irreal ou meta factible?”).
- Impartida polo Profesor Dr. Dieter Truxius (CFO Dachser GmbH & Co. KG).
- Datas: 06 de maio de 2013.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

▪ XXII XORNADAS DA ASOCIACIÓN DE ECONOMÍA DA EDUCACIÓN

- Coordinación do Comité Organizador Local: Prof. Dra. D^a Mercedes Teijeiro Álvarez.
- Datas: 04 e 05 de xullo de 2013.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

Programa

Xoves, 4 xullo 2013

09:00 Recollida documentación.

09:30 Acto de Apertura.

10:00 Sesións Paralelas A.

11:30 Pausa-café.

12:00 Sesións Paralelas B.

13:30 Almorzo.

15:00 Sesións Paralelas C.

17:00 Recollida autobús desde FEE para desprazamento á Fundación Barrié

18:00 Conferencia: “The Challenge of education in the economic downturn”. Geraint Johnes (Professor of Economics, Lancaster University Management School & Dean of Graduate Studies). Lugar: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

20:30 Recepción no Concello de A Coruña.

21:30 Cóctel de benvida.

Venres, 5 xullo 2013

9:30 Sesións Paralelas D.

11:00 Pausa-café.

11:30 Sesións Paralelas E.

13:00 Conferencia: "Indicadores de la OCDE. Panorama de la educación 2013. Beneficios sociales y económicos de la educación". Ismael Sanz Labrador. Director Instituto Nacional de Evaluación Educativa (INEE).

14:00 Almorzo.

15:30 Xunta anual de socios AEDE.

16:00 Sesións Paralelas F.

18:00 Acto de Clausura.

18:30 Recollida autobús desde FEE para desprazamento á Fundación Pedro Barrié de la Maza.

21.30 Cea de clausura.

▪ CICLO DE CONFERENCIAS "MARKETING AO VIVO"

- Organización: Departamento de Análise Económica e Administración e Dirección de Empresas, Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña.

- Datas: outubro-décembro de 2013.

- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

- Obxectivos: coñecer da man de relevantes profesionais do marketing, pertencentes a importantes e recoñecidas empresas galegas, as experiencias de éxito no eido da comercialización dos seus produtos/servizos. A finalidade deste ciclo de conferencias é achegar o mundo académico á realidade empresarial, en xeral, e ao marketing, en particular.

Programa

23 de outubro de 2013

José Cabanas, Departamento de Marketing de Hijos de Rivera, S.A. (Estrella de Galicia).

"Publicidad vs Contenido en la construcción de una marca".

Hora: 19:00.

21 de novembro de 2013

Juan Carlos Silva, Departamento de Marketing de Frinsa.

"Las marcas de la distribución y el papel del marketing".

Hora: 19:00.

28 de Noviembre de 2013

Rafael Sanguino, Departamento de Marketing de La Voz de Galicia.

"Marketing Directo como apuesta estratégica: como crecer en un sector a la baja".

Hora: 19:00.

4 de Diciembre de 2013

Jose Alcañiz, Departamento de Marketing de Buscadesinos.com.

"Marketing e Internet".

Hora: 19:00.

4. TALLERES E OBRADOIROS

▪ II OBRADOIRO INTERNACIONAL SOBRE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOSTENIBILIDADE SOCIAL (II EDASS)

Organización: Prof. Dra. D^a Isabel Novo Corti (Facultade de Economía e Empresa, UDC).

Datas: 8 e 10 de maio de 2013.

Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

Obxectivos: creación dun foro para a discusión dos problemas económicos dende unha perspectiva social e ética.

Desenvolvemento:

- Na primeira sesión do día 8 de maio de 2013, titulada “Mercado de traballo e xénero”, defendéronse as comunicacións remitidas por dezanove investigadores e investigadoras de áreas de coñecemento complementarias como a economía, dereito, educación, náutica, enxeñaría, socioloxía, ciencias do traballo, etc. Asemade, participaron especialistas coma Cristina Justo Suárez (socióloga, consultora e investigadora en xénero), así coma distinguidos profesores e investigadores da Universidade da Coruña como Moisés Alberto García Núñez, decano da Facultade de Ciencias do Traballo e María Asunción López Arranz, secretaria desa mesma facultade, e da Universidade de Santo Tomás, Colombia, como Andrés Vernazza Páez.
- A segunda sesión do día 10 de maio de 2013, dedicouse á celebración do “Seminario sobre o novo papel das mulleres nas actividades marítimas”. Contouse coa participación de conferenciantes de alto nivel procedentes de diversos ámbitos ligados ás actividades marítimas:
 - Ámbito da investigación:
 - Fernando González Laxe, director do Instituto Universitario de Estudos Marítimos da UDC.
 - María Jesús Freire Seoane, directora do Observatorio Ocupacional da UDC.
 - María do Carme García-Negro, directora do Grupo de Investigación de Economía Pesqueira da USC e directora do Curso de Postgrao “Especialización en Economía Pesqueira” da USC.
 - Ámbito político:
 - Dolores García-Hierro Carballo, Eurodeputada e membro titular da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo.
 - Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Xunta de Galicia.

- Rosa María Quintana Carballo, Conselleira do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.
- **Ámbito empresarial e laboral:**
 - Rosa Chapela Pérez, do Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR).
 - Natalia Laiño Lojo, da Asociación Galega de Mariscadoras/es (AGAMAR).
 - María Dolores Fernández Vázquez, presidenta da Promotora Industrial Sadense (PROINSA).
 - Silvia Puig Vizcaíno, estibadora na Sociedade de Estiba e Desestiba do Porto de Barcelona (ESTIBARNA).
- **Ámbito da comunicación:**
 - Esperanza Abuín Castro da Voz de Galicia.
 - Selina Otero Verdes, do Faro de Vigo.
- Principais temas afrontados nesta segunda edición do EDaSS: o papel da muller no mercado de traballo e a necesidade de reformar o sistema de coidados; as actividades marítimas dende un punto de vista de xénero, destacando o papel das asociacións e da innovación neste ámbito; os grupos en risco de exclusión e o seu acceso ao mercado laboral ou o emprendemento como solución á crise.

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

▪ TESES DE DOUTORAMENTO

Título: “Three essays in regional economics: the case of Romania”

Autor: Cosmin Bolea Gabriel

Director: Jesus López-Rodríguez

Mención internacional

▪ OBRADOIROS DE DOUTORAMENTO

➤ Obradoiro de Doutoramento Xaneiro 2013

Para dar cumprimento á normativa vixente en materia do seguimento dos estudos de Doutoramento, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento convoca o Obradoiro de Doutoramento Xaneiro 2013.

Martes, 29 de xaneiro de 2013

Programa Definitivo

09.30 Exposicións individuais dos estudantes de Doutoramento sobre a evolución dos seus traballos, segundo modelo redactado pola comisión do programa. Orde de intervención:

- María Dolores Sánchez (Dir.: Dr. Vargas).
- María Barreiro (Dir.: Dr. Varela).
- Ana Isabel Do Rego (Dir. Dra. Rey).
- María del Carmen Gago (Dir. Dra. Novo).
- Carlos Pais (Dir. Dra. Freire).

11.30 Charla doutoral: Prof. Frank Van Oort (Universidade de Utrecht).

12.00 Exposicións individuais dos estudantes de Doutoramento sobre a evolución dos seus traballos, segundo modelo redactado pola comisión do programa. Orde de intervención:

- Teodora Dogaru (Dir. Dr. Faiña e Dr. López).
- Guillermo Manso (Dir. Dr. López).
- Braulio Pérez (Dir. Dra. Calvo e Dr. González Laxe).

Pausa (dependendo da marcha das exposicións).

- Paulino Martínez (Dir. Dr. Ruiz e Calvo)
- Fernando de Llano (Dir. Dra. Iglesias e Dr. Calvo).
- Marta Martínez (Dir. Dr. Fernández Castro e Dr. Durán).

17.30 Charla doutoral: Prof. Geoffrey Hewings (REAL, Illinois e Asociación Internacional de Ciencia Rexional).

➤ Obradoiro de Doutoramento Novembro 2013

A Comisión de Doutoramento da Facultade de Economía e Empresa realizará un obradoiro onde poderán asistir e participar estudantes de Doutoramento, profesores e investigadores. Durante dous días contará coa colaboración de

destacados investigadores de universidades nacionais e internacionais, como John Stanton da University Saint Joseph (Philadelphia) e Frank Van Oort da University of Utrecht.

O obradoiro constará de varias sesións a desenvolver os días 15 e 20 de novembro en horario de mañá onde se impartirán conferencias e seminarios para seguir coa presentación das propostas de novos proxectos de tese e os avances dos proxectos en fase de realización. Unha valiosa oportunidade porque os doutorandos contarán coa presenza de cotizados membros da comunidade científica e para a súa exposición disporán de 15 minutos cada un.

Venres, 15 de novembro de 2013

Marketing e Innovación

John Stanton - Catedrático de Marketing (University Saint Joseph de Philadelphia) impartirá un Seminario de Doutoramento sobre “Análisis conjunto de la utilidad de los atributos (claime) de nuevos productos”.

A continuación, haberá unha sesión Obradoiro de Doutoramento onde o alumnado de Doutoramento presentará os seus proxectos ou avances na investigación da tese.

Mércores, 20 de novembro de 2013

Economía e Desenvolvemento Rexional e Innovación

Frank Van Oort - Catedrático da University of Utrecht impartirá a conferencia “Nuevos conceptos de distancia en redes de colaboración y cooperación”

A continuación, haberá unha sesión Obradoiro de Doutoramento onde o alumnado de doutoramento presentará os seus proxectos ou avances na investigación da tese.

Xoves, 21 de novembro de 2013 (10.30 h.)

Exposición dos traballos dos doutorandos.

5. ACTIVIDADES DAS CÁTEDRAS

▪ CÁTEDRA DE EMPRESA FAMILIAR

Director: J. A. Novo Peteiro

Xornadas de experiencias empresariais

- Emilio Pérez Nieto (Presidente do Grupo Pérez Rumbao e Presidente da Asociación Gallega de la Empresa Familiar).
- Juan José Jaén Rodríguez (Presidente do Grupo Jaerod).
- Constantino Fernández Pico (Presidente do Grupo Altia).

Xornada de emprendedores

Coordinada e moderada por Carlos Rodríguez Navarrete (experto en temas de emprendeduría). Esta mesa contou coa presenza dos seguintes emprendedores: David Bello (IPGlobal), Diego López (Siguetuliga), Javier Gómez (todotaladros, todoauriculares, jardinprofesional y todobosch), Noela Bures (Qualinnova y Asociación de Jóvenes Empresarios, AJE), Maria Agrafojo (SosCliente), Fernanda Fernández (MasValor) e Maite Deus (Inprega).

Xornadas con consultores

- Manuel Baldelana Garayo (Unilco).
- Miguel Barroso Rodilla (Deloitte).

Visitas a empresas

- Visita ás instalacións do Grupo Inditex no Polígono de Sabón (Arteixo).
- Visita ás instalacións da empresa Etiem no Polígono de Sabón (Arteixo).

▪ CÁTEDRA INDITEX-UDC DE RESPONSABILIDAD SOCIAL

Directora: Marta Rey García

Formación

Entre xaneiro e maio de 2013 tivo lugar a segunda edición do “Curso de Posgrado en Responsabilidade Social”, conducente a un Diploma de Formación Específica de Posgrao (estudo propio de posgrao da UDC). A preinscrición realizouse por vía electrónica entre os días 1 e 30 de novembro de 2012. Recibíronse 103 solicitudes de admisión en prazo; 34 alumnos foron seleccionados e se atribuíron 12 bolsas de matrícula.

Como proxecto práctico, os alumnos elaboraron propostas de Cadro de Mando en Responsabilidade Social aplicables ás universidades que conforman o Sistema Universitario Español (SUE), e os defenderon ante un comité científico constituído polo Presidente do Consello Social, a Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, e a Directora da Cátedra Inditex-UDC.

Investigación e Transferencia

Co obxecto de fomentar a investigación aplicada en materia de responsabilidade social, procedeuse á elaboración da terceira memoria de Responsabilidade Social da UDC, referente ao ano 2012, e presentada publicamente o 12 de decembro de 2013.

Así mesmo, participouse nun congreso internacional (XV World Economy Meeting, Santander) con un estudo de caso sobre a Cátedra e o Posgrao, no marco da innovación social e docente na universidade.

Divulgación

Organizouse o Ciclo de Conferencias “En Código Abierto”, no ámbito do cal se realizaron tres conferencias:

1. “As tres pancas do cambio empresarial cara á Sustentabilidade”, Víctor Viñuales, Director da Fundación Ecología y Desarrollo, Facultade de Economía e Empresa, 30 de xaneiro de 2013.

2. “Desde a experiencia sindical: Unha visión da RSC”, Joaquím González Muntadas, Responsable de Relacións Institucionais e Laborais RSC de FITEQA-CC.OO., Facultade de Economía e Empresa, 6 de marzo de 2013.
3. “Unha era de Xustiza Social para unha Globalización Equitativa”, Joaquín Nieto Sainz, Director da Oficina da Organización Internacional do Traballo (OIT) para España, Paraninfo da Universidade da Coruña, 31 de maio de 2013.

▪ **GRUPO JEAN MONNET DE COMPETENCIA Y DESARROLLO REGIONAL EN LA UE, GRUPO C+D**

Titular: J. Andrés Faíña Medín

Obradoiro de Doutoramento, Novembro de 2013

- *Venres, 15 de novembro de 2013, 10:30 h:* o Prof. John Stanton, Catedrático de Marketing da University Saint Joseph de Philadelphia, impartiu un seminario sobre Marketing e Innovación titulado “Análisis conjunto de la utilidad de los atributos (claime) de nuevos productos”, e tiveron lugar as exposicións dos traballos dos doutorandos.

- *Mércores, 20 de novembro de 2013, 10:30 h:* o Prof. Van Oort, Catedrático da Universidade de Utrecht, impartiu un seminario sobre as novas perspectivas na economía rexional titulado "Skill-Relatedness, Innovation and Regional Economic Development", e tiveron lugar as exposicións dos traballos dos doutorandos.

- *Xoves, 21 de novembro de 2013 (10.30 h.)*

Exposición dos traballos dos doutorandos.

Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea

Workshop. Coa colaboración do IGAPE e o Clúster Alimentario de Galicia, o xoves 14 de novembro de 2013 o Prof. John Stanton, Catedrático de

Marketing da University Saint Joseph de Philadelphia dirixiu un workshop sobre innovación de producto en marketing agroalimentario, “Food&Beverage Marketing Helping Companies Make ‘What People Want to Eat’”, Edificio FEUGA de Santiago de Compostela.

6. ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES

▪ ASOCIACIÓN DE ESTUDIANTES DE CIENCIAS ECONÓMICAS AECEC A CORUÑA

As actividades levadas a cabo por esta asociación ao longo do ano 2013 se detallan deseguido: continuación:

- Seminario de Bolsa

Impartido por: Miguel Ángel López Mendo.

Datas: do 14 ao 18 de outubro de 2013.

Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

Contido

BLOQUE 1

1. O peto do cidadán como o grande protagonista da Bolsa e a Economía

- Consideracións a ter en conta.
- Factores que interveñen nos movementos bolsistas.
- Estudo e interpretación da información privilexiada
- Estudo dos ciclos económicos desde o punto de vista bolsista, como investidores privados e profesionais.

BLOQUE 2

Estudo da Fase das Medidas Restritivas.

BLOQUE 3

Fase das Medidas de Reactivación: Alza Líquida, Fundamental e Especulativa.

BLOQUE 4

- Alza Fundamental.
- Comportamento das Bolsas nestas fases. Circunstancias para adiantarse aos acontecementos económicos.

BLOQUE 5

- Análise Técnica.
- Estudo de todas as teorías e figuras.
- Momento actual dos mercados financeiros.
- Análise dos valores máis interesantes do momento.

- Curso de Contabilidade Informatizada: CONTAPLUS a fondo

Datas: do 22 de outubro ao 07 de novembro de 2013.

Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

Contido

1. A contorna de traballo.
2. Menús, barras de ferramentas, de estado e de título.
3. Alta dunha empresa.
4. Resto do Menú Global: Data de traballo e rematar.
5. Modificación de parámetros.
6. Cadro de contas.
7. Elección de estrutura
8. Traballar con contas: menús, creación, opcións.
9. Xestión de asentos.
10. Introducción de asentos.
11. Introducir asentos creando unha conta.
12. Modificación dos asentos.
13. Eliminación de partidas.
14. Renumeración de asentos.
15. Ver o Libro Diario e Maior.
16. Entrar nos asentos predefinidos.
17. Uso dos predefinidos
18. Regularización ou liquidación do IVE.
19. Opcións de IVE.
20. Peche automático do exercicio económico: Inverter peche exercicio.
21. Balances.
22. Sumas e saldos.
23. Perdas e ganancias.
24. Balance de situación.
25. Gráficos simples e comparativos.
26. Modificar opcións de gráficos.
27. Inventario.
28. Configurar impresoras.
29. Organización de ficheiros.
30. Copias de seguridade e como se recuperan.

31. Xestión de usuarios.
32. introdución ao punteo e casación.
33. Punteo simple.
34. Casación e proxecto.
35. Exercicio Final: contabilización dun trimestre completo e preparación listado para impostos.

- Curso de Protocolo

Impartido por: Ana María Andrade Díaz (Posgrao en Dirección de Protocolo e deseño de eventos, Diplomada en Protocolo e Relacións Institucionais, Técnico Superior en Protocolo e Relacións Institucionais).

Datas: 19, 21, 26 e 28 de febreiro de 2013.

Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

Programa

MÓDULO 1. introdución ao protocolo oficial.

MÓDULO 2. Protocolo oficial.

1. Clasificación dos actos.
2. As presidencias.
3. Sistemas de ordenación das presidencias.
4. O protocolo dos invitados.
5. Ordenación doutras autoridades e invitados non oficiais.
6. As invitacións.
7. As notas de protocolo.
8. Os símbolos do Estado: bandeira, loito.
9. Tratamentos honoríficos.
10. Listaxe de invitados.
11. O programa e a súa técnica.
12. Práctica protocolaria.

MÓDULO 3. Protocolo na administración local.

1. Normativa dos actos na administración local.
2. Tratamentos na administración local.

3. Tipos de actos na administración local.
4. Práctica protocolaria.

MÓDULO 4. Protocolo universitario.

1. Clasificación dos actos universitarios.
2. Principais actos protocolarios na universidade.
3. Presenza de autoridades non académicas nos actos universitarios.
4. A apertura oficial do curso académico.
5. A investidura de doutores.
6. A toma de posesión do Reitor.
7. Toma de posesión de catedráticos e profesores.
8. A festividade de Santo Tomé de Aquino.
9. Cerimonia de graduación universitaria.
10. A investidura de doutores Honoris Causa.
11. Símbolos académicos: a toga, a muceta, os buelillos, o barrete e a borla, as medallas, os cordóns, a placa, os guantes, o anel, o bastón e o libro do saber.
12. A cor das carreiras e as facultades.
13. Precedencias e tratamentos universitarios.

MÓDULO 5. Protocolo diplomático.

1. Categoría e tratamento do corpo diplomático.
2. Visitas de Estado.
3. Toma de posesión dun embaixador.
4. Práctica protocolaria.

▪ AIESEC A CORUÑA

Durante o ano 2013, esta asociación desenvolveu as seguintes actividades:

- Jornada de empleabilidad: La esencia para encontrar un nuevo empleo

Impartida por: Elisa Rodríguez (colaboradora Escola Europea de Negocios).

Data: 6 de febreiro de 2013.

Contido

Situación actual.

Define os teus obxectivos profesionais.

Coñece a oferta.

Que tipo de profesionais procuran as empresas.

Identifica os teus puntos fortes e as túas áreas de mellora.

A búsqueda 2.0.

A formación, elemento clave na procura de emprego.

A temida entrevista de selección. Superando obstáculos.

- Liderazgo: Un valor de éxito para tu futuro profesional

Impartidas por: membros de SECOT.

Datas: do 4 ao 7 de marzo de 2013.

Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

Contido

Luns día 4: "Intelixencia e competencias emocionais".

Martes día 5: "Comunicación: Comunicarme, Comunicarte, Comunicarnos".

Mércores día 6: "Liderazgo: Principio e fin da excelencia".

Xoves día 7: "Negociación: A arte de consensuar".

- Desarrollo personal y profesional, mejora tu currículum, diferénciate, aprende y diviértete

Sesións informativas sobre AIESEC ao longo da semana do 11 de marzo de 2013, en varias facultades do Campus de Elviña da UDC.

- “Lárgate y cómete el mundo”

Sesións informativas sobre o programa de prácticas internacionais ofertado por AIESEC; o 04/04/2013 na Facultade de Economía e Empresa, na Facultade de Informática e o 09/04/2013 na Facultade de Filoloxía.

- Ponencia: "Cómo enfrentarse al mercado laboral"

Impartida por: Gloria Santamaría (docente na Escola de Negocios Novacaixagalicia).

Data: 10 de abril de 2013.

Obxectivo: mellorar a empregabilidade poñendo a disposición a experiencia de profesionais do emprego.

- Job search training 2.0

Sesións de dous días (16 e 17 de abril de 2013) nas que os estudantes se enfrontaron a entrevistas de emprego e dinámica de grupo con profesionais dos colaboradores da asociación e novas formas de procura de emprego.

- Congreso Achieve Granada 2013

Congreso en Granada, durante catro días, ao que asistiron máis de douscentos xóvenes de distintas cidades de España (A Coruña, Barcelona, Bilbao, Córdoba, Madrid, Málaga, Segovia, Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza). A axenda tamén estivo marcada polo desenvolvemento de habilidades de liderado e comunicación, moi importantes hoxe en día, ademais de charlas sobre os nosos valores, estratexias e roles. Todo elo en inglés e entremezclado con diferentes actividades para un maior dinamismo e participación dos asistentes. As charlas levaban semanas preparándose desde o equipo de AIESEC en España, contando coa presenza de membros da asociación procedentes de Costa Rica, Austria, Italia ou Alemaña.

- Ponencia: "Construyendo la oportunidad"

Charla impartida o 4 de xuño de 2013 na Facultade de Informática da UDC por Marcos Godoy. Nela se reflexionou sobre como é posible transferir o coñecemento e a tecnoloxía na cultura empresarial para axudar aos estudantes a transformar ideas en negocios de éxito.

- Sesións informativas: Prácticas internacionais con AIESEC

Sesión facilitada o 14 de xuño de 2013 na Facultade de Economía e Empresa, na que se lles comunicou aos asistentes a posibilidade de vivir unha experiencia internacional de intercambio, coas prácticas internacionais de AIESEC A Coruña.

7. OUTRAS ACTIVIDADES

▪ PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT) NA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

O Plan de Acción Titorial (PAT) coordinado desde a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade de A Coruña (UDC) forma parte xa da Facultade de Economía e Empresa e supón un esforzo máis de coordinación do PAT no proceso de implantación dos títulos de grao dentro do Espazo Europeo de Educación Superior.

Desde o *Servizo de Formación e Recursos* do PAT se organizou a "**Semana de Orientación Sociolaboral**", composta por dous tipos de actividades: ponencias-coloquio e cursos formativos. Os relatorios-coloquio, impartidos de maneira voluntaria e gratuíta por profesores e profesionais, versaron sobre diversas temáticas:

- "*Marxismo para non marxistas*", impartido polo profesor da FEE D. Julio Sequeiros.
- "*Pistas para a Mobilidade Internacional*", desenvolvido pola profesora Dna. Emma Iglesias.
- "*E ao rematar na FEE, podería... emprender*", coordinado por Francisco Ferreiro. Nesta actividade, algúns antigos alumnos da FEE que decidiron ser emprendedores e xestionar unha empresa compartiron a súa experiencia cos actuais estudantes: Marta Camiño de "Quórum Económico" empresa dedicada á consultoría-asesoría; Carlos González de "Qualisure", empresa tecnolóxica; e Javier Corrochano, de UNI, empresa do mundo da Mercadotecnia.
- "*E ao rematar na FEE, podería.... ser auditor*", coloquio con D. Daniel Fraga, profesor da FEE e Socio-Partner de KPMG España.
- "*E ao rematar na FEE, podería traballar en ...*", coordinado por Marta Fernández Redondo. Contouse coa participación de Telesforo Veiga Rial, CIO en Banco Pastor e a de Pablo Rodríguez-Losada, Director Comercial Corporativo en Grupo Intasa e ex-director de Área Inmobiliaria do Banco Pastor, ambos os dous antigos representantes de alumnos da facultade no curso 1992-93 e que compartiron a súa experiencia persoal no mercado laboral.

Así mesmo, os cursos formativos foron impartidos por diversos profesores dos departamentos da facultade e estiveron esencialmente orientados á inserción laboral:

- 1.- Recursos informáticos: EXCEL, POWER POINT, EVIEWWS.
- 2.- "Como elaborar ou meu Curriculum Vitae".
- 3.- "Como preparar unha entrevista de traballo -teórica-", onde se fixo unha presentación teórica dos elementos que cómpre coidar para preparar ben unha entrevista de traballo.
- 3.- "Como realizar unha entrevista de traballo -práctica-", obradoiro práctico onde se realizaron entrevistas reais por Nuria Bregua, Técnico de Recursos Humanos de Vegalsa-Eroski Coruña.

Por último, e como novidade na impartición de cursos, os alumnos senior do PAT do Grao en Economía desenvolveron o 27 de novembro o curso “Como elaborar un traballo de aula”.

▪ ACTIVIDADES DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN BANCA E FINANZAS

- *Conferencia*

Título: “Development of Turkish Economy in 2000s”.

Ponente: Profesor Eyup Basti, Director do Departamento de Banca e Finanzas da Universidade Fatih de Estambul (Turquía).

Data: 24 de abril.

- *Traballos de Fin de Mestrado*

Os traballos de Fin de Mestrado defendidos no ano 2013 son oito en total, concretamente os seguintes:

DEFENSA 25 DE XANEIRO DE 2013

ALUMNO	Silvia María Álvarez Fernández
DIRECTOR	Begoña Álvarez García, Lucía Boedo Vilabella y Estefanía Mourelle Espasandín
TÍTULO	A prima de risco. Análise de súa evolución

DEFENSA 10 DE SETEMBRO DE 2013

ALUMNO	Iván Costa Mosquera
DIRECTOR	María Dolores Lagoa Varela
TÍTULO	Análise do binomio rendibilidade -risco dos activos financeiros do Ibex-35 para o período 2003-2012

ALUMNO	Rubén Santeiro García
DIRECTOR	Begoña Álvarez García, Lucía Boedo Vilabella y Estefanía Mourelle Espasandín
TÍTULO	Responsabilidade social corporativa. Mecanismo de impulso para o sector da automoción

ALUMNO	Aarón Parada López
DIRECTOR	Begoña Álvarez García y Lucía Boedo Vilabella
TÍTULO	Plan de negocio dunha empresa recolectora e comercializadora de algas mariñas

DEFENSA 11 DE SETEMBRO DE 2013

ALUMNO	Mercedes Permuy Montecelos
DIRECTOR	Pablo Castellanos García
TÍTULO	A Unión Económica e Monetaria: ¿é unha área monetaria óptima?

ALUMNO	Felipe Miranda Pereiro
DIRECTOR	Begoña Álvarez García y Lucía Boedo Vilabella
TÍTULO	Evolución do nivel de endebedamento das empresas en España

ALUMNO	Román Suárez Gómez
DIRECTOR	Antonio Javier Grandío Dopico
TÍTULO	A Banca Electrónica en España

ALUMNO	Estefanía Bergondo Sánchez
DIRECTOR	Juan Carlos Maixé Altés
TÍTULO	A responsabilidade social corporativa en caixas e bancos: raíces e perspectivas

▪ **ACTIVIDADES DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN E POLÍTICAS PÚBLICAS**

- Traballos de Fin de Mestrado

Os traballos de Fin de Mestrado defendidos no ano 2013 son seis en total, os cais se resumen a continuación:

DEFENSA 25 DE XANEIRO DE 2013

ALUMNO	Noelia Miragaya de Rosende
DIRECTOR	Valentín Alejandro Martínez
TÍTULO	A comunicación institucional da DGT. Análise empírica da imaxe da DGT en Galicia
OBSERVACIÓNS	Coordinador do Mestrado: Ángel S. Fernández Castro

ALUMNO	Paulino Montes Solla
DIRECTOR	Andrés Faiña Medín e Jesús López Rodríguez
TÍTULO	O papel das infraestruturas nas rexións periféricas españolas: o caso de Andalucía e Galicia
OBSERVACIÓNS	Coordinador do Mestrado: Ángel S. Fernández Castro

DEFENSA 6 DE XUÑO DE 2013

ALUMNO	Ángel Fernando Martínez Parapar
DIRECTOR	Atilano Pena López
TÍTULO	O desenvolvemento humano local. Unha aplicación para os concellos de A Coruña
OBSERVACIÓNS	Coordinador do Mestrado: Iván López Martínez

DEFENSA 16 DE SETEMBRO DE 2013

ALUMNO	Federico Martín Bermúdez
DIRECTOR	Fernando González Laxe
TÍTULO	Políticas públicas de fomento do desenvolvemento sostible no sistema portuario: unha proposta de aplicación conxunta do GRI aos portos españois
OBSERVACIÓNS	Coordinador do Mestrado: Iván López Martínez

ALUMNO	Patricia M ^a Becerra Amado
DIRECTOR	Isabel Novo Corti e Jesús Miguel Muñoz Cantero
TÍTULO	Políticas de fomento da inclusión de universitarios con discapacidade e intención de apoio por parte dos seus compañeiros nas aulas presenciais
OBSERVACIÓNS	Coordinador do Mestrado: Iván López Martínez

ALUMNO	Patricia Ana López Pumar
DIRECTOR	Valentín Alejandro Martínez
TÍTULO	Aproximación á evolución histórica das relacións entre a prensa e a casa real española
OBSERVACIÓNS	Coordinador do Mestrado: Iván López Martínez

▪ SESIÓNS DE FORMACIÓN DA BIBLIOTECA

- Formación en OSIRIS

Imparte: persoal da empresa Bureau van Dijk.

Data: 13 de febreiro de 2013 ás 16.30.

Duración: unha hora.

Lugar: Aula de Informática 02 da Facultade.

Destinatarios: profesorado e alumnado da Facultade.

Contido: sesión formativa avanzada sobre a base de datos información financeira de empresas de ámbito internacional Osiris.

- Formación en BUSINESS SOURCE PREMIER e ECONLIT

Imparte: persoal da empresa *EBSCO Publishing*.

Data: 14 de marzo de 2013 ás 10.00.

Duración: unha hora.

Lugar: Aula de Informática 01 da Facultade.

Destinatarios: profesorado e alumnado da Facultade.

Contido: sesión formativa avanzada sobre as bases de datos documentais especializadas en economía e empresa *Business Source Premier* e *Econlit*.

▪ **PRESENTACIÓN DE LIBRO**

Título: “Cómo salir de esta”.

Autor: José Luis Gómez.

Data: 7 de marzo de 2013 ás 13.00.

Lugar: Salón de Graos da Facultade de Economía e Empresa.

▪ **REPRESENTACIÓN DE OBRA DE TEATRO**

Título: “María Castaña”.

Compañía: Avelaiña Teatro.

Data: 7 de marzo de 2013 ás 20.00.

Lugar: Aula Magna da Facultade de Economía e Empresa.

▪ **CHARLA-CAFÉ COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Reunión informal organizada pola Comisión de Normalización Lingüística, en formato de charla-café, na que se falará sobre temas diversos, que alguén propoña ou que poidan xurdir sobre a marcha.

Data: 11 de abril de 2013 ás 18.30.

Lugar: Sala de Xuntas II (Decanato), Facultade de Economía e Empresa.

Obxectivos: i) facer, con certa frecuencia, charlas informais entre alumnos e profesores voluntarios para falar-debater-informarse-preguntar-etc. sobre temas

que de interese e que o alumnado propoña; ii) animar á xente a usar o galego, abrindo este espazo de conversas informais para que se anime a practicalo.

▪ **ACTO ACADÉMICO DO PATRÓN DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA**

O acto académico da celebración do patrón da Facultade, San Vicente Ferrer, tivo lugar o venres 12 de abril ás 12.00 na Aula Magna do centro.

Programa

- *Gaudeamus igitur.*
- Presentación do acto académico do día de San Vicente Ferrer.
- Presentación do conferenciante: Prof. Dr. D. Julio Sequeiros Tizón.
- Conferencia "O atraso económico de Galicia: corenta anos despois": Prof. Dr. D. Xosé Manuel Beiras Torrado.
- Intervención do Reitor Magnífico da Universidade da Coruña.
- Coro universitario.
- Himno Galego.

▪ **PRESENTACIÓN DOS MESTRADOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA A IMPARTIR NO CURSO 2013/2014**

Data: 8 de maio de 2013 ás 12.00.

Lugar: Salón de Graos da Facultade de Economía e Empresa.

▪ **II CONCURSO DE RELATOS CURTOS FEE**

Obxecto: promover o uso do galego no ámbito universitario, no marco dos obxectivos establecidos polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

Tema: *Lingua e Empresa.*

Resolución (14 de maio de 1013)

- Primeiro premio. Traballo titulado: "O lombeiro amarelo", *Mario.*

Aberta a plica o autor resultou ser: Manuel Gil Castro.

- Accésit. Traballo titulado: “Morfloxía da Empresa”, *Damen Hache*.

Aberta a plica o autor resultou ser: Damián Alonso Pardo.

- Accésit. Traballo titulado: “A soas con Lola”, *Diego de Lúa*.

Aberta a plica o autor resultou ser: Alén Fernández Calo.

▪ **PRESENTACIÓN DA “AULA DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA”**

A "Aula de Innovación e Transferencia" da UDC consiste nun programa de formación específica e de calidade en temas vinculados coa innovación e a transferencia de coñecemento e tecnoloxía. Está organizado pola Vicerreitoría de Investigación en colaboración co Consello Social, a Fundación Universidade da Coruña, o CITIC e a OTRI.

Para dar a coñecer esta iniciativa e responder ás dubidas que se presenten, programáronse unha serie de reunións informativas:

- Luns día 10 de xuño ás 10:00 na Facultade de Ciencias.

- Luns día 10 de xuño ás 11:00 na Facultade de Economía e Empresa.

Esta xuntanza estará presidida polo vicerreitor de Investigación e Transferencia, Ricardo Cao Abad.

▪ **XORNADA DE ACOLLIDA DE NOVO ESTUDANTADO**

Como ven sendo habitual nos últimos anos, a Facultade de Economía e Empresa desenvolveu o acto de benvida para estudantes de primeiro curso de todos os Graos e Simultaneidade de Graos que se imparten no centro.

Esta xornada de acollida tivo lugar o mércores 11 de setembro ás 18.30 na Aula Magna da Facultade.

▪ **CAMPAÑA “GÚSTAME O GALEGO”**

“Gústame o galego” é unha campaña xeral de fomento da lingua coa que se visibiliza o apoio individual de persoas ao proceso de normalización lingüística a través de fotos con frases suxestivas sobre o uso do galego en diversos ámbitos e situacións.

O mércores 13 de novembro de 2013, entre as 10.30 e as 13.30, instalouse un posadoiro (photocall) no hall da Facultade de Economía e Empresa para tirar fotos como apoio a esta iniciativa.

▪ **IV FEIRA DE SUSTENTABILIDADE NA UDC**

Esta feira, organizada pola Oficina de Medio Ambiente da UDC, pretende enviar unha mensaxe de consumo responsable, colaboración e participación na comunidade universitaria.

O día 12 levaranse a cabo diversas actividades, como raballos de artesanía, obradoiros referentes ao Nadal e tamén o comercio xusto, entre outros.

Ao mesmo tempo, farase unha recollida de alimentos e xoguetes que serán levados á Cociña Económica, a cal participa no evento. Do mesmo xeito, tamén se realizará a recollida de móbiles en colaboración co Instituto Jane Goodall. Ofrecerase un chocolate quente como agradecemento á participación.

Data: 12 de decembro de 2013, de 11.00 a 19.00.

Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

▪ **REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA “ESPAGO FEE”**

Durante o ano 2013, viron a luz os números 3 e 4 da Revista da nosa Facultade, “Espazo FEE”. Grazas aos colaboradores e aos lectores.

8. MEMORIA ECONÓMICA

MEMORIA ECONÓMICA 2013 DA FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

Fonte: Negociado de Asuntos Económicos, Facultade de Economía e Empresa

				Descrición	Crédito total	Obrigas reconecidas	% OR/CT	Pagamentos netos	% PN/OR
6170	300C	212.	00	Reparación de edificios	7.279,94	4.902,01	67,34%	4.902,01	100,00%
6170	300C	213.	00	Reparación de maquinaria e instalacións	6.789,08	6.789,08	100,00%	6.789,08	100,00%
6170	300C	215.	00	Reparación de mobiliario e equipamentos	2.668,36	2.668,36	100,00%	2.668,36	100,00%
6170	300C	216.	00	Reparacións informáticas	181,50	181,50	100,00%	181,50	100,00%
6170	122B	220.	00	Material de oficina. Biblioteca	3.665,00	2.555,02	69,71%	2.555,02	100,00%
6170	300C	220.	00	Material de oficina	19.536,30	18.822,84	96,35%	18.822,84	100,00%
6170	300C	221.	00	Subministracións	16.200,00	14.320,76	88,40%	14.320,76	100,00%
6170	300C	222.	99	Comunicacións	2.260,00	1.757,54	77,77%	1.757,54	100,00%
6170	300C	226.	01	Protocolo	1.843,71	754,09	40,90%	754,09	100,00%
6170	300C	226.	06	Cursos e conferencias	4.466,63	3.964,63	88,76%	3.964,63	100,00%
6170	122B	227.	99	Outros traballos (biblioteca)	900,00	736,37	81,82%	736,37	100,00%
6170	300C	227.	99	Traballos realizados outras empresas	17.234,34	16.202,74	94,01%	16.202,74	100,00%
6170	300C	229.	01	Actividades culturais, deportivas e outras	16.775,37	14.962,92	89,20%	14.962,92	100,00%
6170	300C	230.	00	Axudas de custo	3.254,77	1.002,31	30,80%	1.002,31	100,00%
6170	422D	230.	06	"O teu futuro en boas mans"	1.128,00	350,00	31,03%	350,00	100,00%
TOTAL CAPÍTULO 2					104.183,00	89.970,17	86,36%	89.970,17	100,00%
6170	300C	622.	00	Edifícios e outras construcións	3.168,00	3.168,00	100,00%	3.168,00	100,00%
6170	300C	623.	00	Maquinaria e instalacións	292,46	292,46	100,00%	292,46	100,00%
6170	300C	625.	00	Mobiliario e equipamento	24.803,80	17.212,66	69,40%	17.212,66	100,00%
6170	300C	626.	00	Equipamento informático	14.325,74	14.325,74	100,00%	14.325,74	100,00%
6170	122B	628.	00	Fondos bibliográficos	55.730,00	55.696,39	99,94%	55.696,39	100,00%
TOTAL CAPÍTULO 6					98.320,00	90.695,25	92,24%	90.695,25	100,00%
TOTAL CRÉDITOS FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA					202.503,00	180.665,42	89,22%	180.665,42	100,00%




Ilustración 1: Distribución do crédito total por capítulos de gasto (2013).




Ilustración 2: distribución das obrigas recoñecidas por capítulos de gasto (2013).




Ilustración 3: distribución dos pagamentos realizados por capítulos de gasto (2013).




Ilustración 4: Detalle dos diferentes créditos orzamentarios do capítulo 2 (2013).




Ilustración 5: Detalle dos diferentes créditos orzamentarios do capítulo 6 (2013).




Ilustración 6: detalle da execución orzamentaria por obrigas recoñecidas (2013).